

# **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 7 DE NOVEMBRO DE 2022**

## **ASISTENTES:**

*Alcalde-Presidente:*

*D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)*

*Sres./as. Concelleiros/as:*

*Dª. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)*

*D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)*

*Dª. Verónica Vigo Santamariña (ídem)*

*D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)*

*Dª. Ángeles Puentes Maceiras (ídem)*

*D. Eduardo Rodríguez Rey (ídem)*

*Dª. Soraya María Fernández Leal (ídem)*

*D. José Manuel Sanmartín Fornos (ídem)*

*D. Eduardo José Pereira Arnoso (PP)*

*D. Roberto Rey Fernández (ídem)*

*Dª. Cristina Bouza Bellón (BNG-G. Mixto)*

*Na Casa da Cultura da Vila de Neda, sendo as doce horas e seis minutos do día sete de novembro de dous mil vinte e dous, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter extraordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan, escusando a súa asistencia D. Carlos Caaveiro Puentes (MOVENEDA-G-Mixto). Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez, asistindo tamén a Interventora desta entidade, Dª. Sonia Lorenzo Barbeito.*

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

Previamente, a Presidencia xustifica a realización da sesión plenaria na Casa da Cultura en lugar de celebrarse no Salón de Sesións, co obxecto de dar continuidade aos protocolos de seguridade e saúde inicialmente establecidos como consecuencia da pandemia covid-19.

## **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE 26/09/2022**

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (12 votos), presta aprobación á citada acta.

## **2º.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

Previo ditame da Comisión Informativa, o Pleno coñece do expediente que se segue para a adxudicación deste contrato mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada por razón da contía, regulándose polo prego de prescripcións técnicas e polo prego de cláusulas administrativas particulares aprobados por este órgano municipal en sesión celebrada o día 01/08/2022.

Figuran no expediente as actas das sesións celebradas pola Mesa de Contratación, en concreto as correspondentes aos días: 15/09/2022 (apertura da documentación administrativa, 22/09/2022 (apertura das ofertas económicas) e 05/10/2022, na que se propón a adxudicación do contrato e na que consta o seguinte:

“Este órgano, en sesión celebrada el día 15/09/2022, procedió a la apertura de los sobres electrónicos accediendo, desde el ordenador del servicio de contratación, al perfil de contratante que esta entidad local tiene alojado en la Plataforma de Contratos del Sector Público y, una vez examinada la documentación administrativa presentada por las dos empresas que concurren en este procedimiento, acordó:

- 1º.- Admitir la oferta presentada por la mercantil ATTENDE CARE, S.L.
- 2º.- De conformidad con el Artículo 141 de la vigente Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, requerir a la mercantil Osventos Innovación en Servizos S.L., para que en un plazo de tres días hábiles corrija el defecto observado presentando el Documento Europeo Único de Contratación.
- 3º.- De presentarse la documentación requerida se reunirá este órgano de asistencia para la calificación de la misma, en todo caso, la apertura de las ofertas económicas tendrá lugar a las 12:41 horas del día 22/09/2022.

Esta Mesa, en sesión celebrada el día 22/09/2022, previo examen de la documentación presentada por la mercantil Osventos Innovación en Servizos S.L. en contestación al requerimiento efectuado por este órgano, acordó admitir su oferta, realizándose seguidamente, en acto público, la apertura de los sobres electrónicos contenido las ofertas presentadas por las dos empresas que participan en este procedimiento de adjudicación, acordándose el traslado de las mismas a informe de valoración de los Servicios Técnicos del Ayuntamiento, así como su publicación en el perfil del contratante de esta entidad local.

Conoce seguidamente la Mesa del informe de valoración de ofertas que seguidamente se transcribe, emitido el día 29/09/2022 por el Arquitecto municipal:

**ASUNTO:** Informe dos SS.TT. Municipais referido a AVALIACION DAS OFERTAS ECONOMICAS para a contratación do SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO NAS MODALIDADES DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCURRENCIA

Data: 29/setembro/2022

En resposta á solicitude formulada, vista a documentación que se achega coa mesma, o Arquitecto Municipal que subscribe emite o seguinte:

**INFORME:**

Achéganse as propostas das empresas participantes no procedemento aberto cun único criterio de valoración –*factor prezo*- e cun tipo máximo de licitación, antes de impostos, de 5.094.240,00 €, para un prazo de execución de 4 anos (2 de contrato +2 posibles prórrogas), **cun prezo de licitación de hora ordinaria de 18,50 € e de hora extraordinaria ou festiva de 19,00 €**, en ámbalas dúas situacóns excluído o IVE.

O prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación, mediante procedemento aberto cun único criterio de adxudicación, factor prezo, indica:

*10.- Fórmula de valoración do prezo:*

*O prezo/hora ofertado en concepto de horas ordinarias, ponderará un 92,17% do total da puntuación da oferta económica; o prezo/hora ofertado en concepto de horas extraordinarias, ponderará un 7,83% do total da puntuación da oferta económica. Deste xeito, o prezo/hora ponderado que se tomará en conta para valorar a mellor oferta económica (único de factor de valoración) obterase con aplicación da seguinte fórmula, que responde aos anteriores coeficientes de ponderación: PREZO/HORA ORDINARIA x 0,9217 + PREZO/HORA EXTRAORDINARIA x 0,0783*

O prezo máximo de licitación, en aplicación da fórmula de ponderación do prego:

$$(18,50 \times 0,9217) + (19,00 \times 0,0783) = 18,54 \text{ €}$$

Ó procedemento achegáronse as ofertas económicas que se indican de seguido, ponderadas polo que subscribe consonte a formula indicada no apartado 10º do prego de cláusulas administrativas particulares:

Nº	Nome empresa	P. ORDINARIA	P. EXTRAORD	P PONDERADO
1	ATTENDE CARE S.L.	18,45 €	18,95 €	<b>18,49 €</b>
2	OSVENTOS INNOVACION EN SERVICIOS S.L.	17,14 €	17,60 €	<b>17,18 €</b>

Segundo a acta da mesa de contratación, ningunha das empresas concorren vencelladas

#### **CALCULO DO VALOR DA BAIXA DESPROPORCIONADA OU ANORMAL e PUNTUACION.**

A determinación da puntuación asignada a cada unha das ofertas económicas obtívose da aplicación do programa de valoración de ofertas económicas en contratos e concursos da Deputación da Coruña, puntuando (*para este caso concreto*) sobre un máximo de 10,00 puntos a mellora da oferta económica sobre do tipo máximo de licitación, obtendo a puntuación para cada unha das empresas que se indica no cadro que se xunta.

A determinación das empresas que incorren en situación de baixa desproporcionada ou anormal obtívose da aplicación do disposto no artigo 85º do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, para o caso do número de licitadores que se teñen presentado ó concurso, consonte o indicado no apartado 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe o contrato

De resultas do indicado, xúntase táboa coa puntuación e a determinación da incursión en situación de baixa desproporcionada ou anormal, para cada unha das empresas, como segue:

Contrato: SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO, ANO 2022							
	Prezo licitación (ponderado)	18,54 €					
	Límite oferta temeraria	14,24 €					
1	ATTENDE CARE S.L.	18,45 €	18,95 €	18,49 €	0,27%	NON	0,13
2	OSVENTOS INNOVACION E.S. S.L.	17,14 €	17,60 €	17,18 €	7,35%	NON	3,16
		<b>MEDIA PONDERADA OFERTAS</b>		<b>17,80</b>			
		<b>BAIXA MEDIA</b>		<b>4,01%</b>			

A oferta media da totalidade das achegadas ó presente concurso é de **17,80 €/hora ponderada**, o que supón unha baixa media referida ó presuposto de licitación do **4,01 %**

O límite para as ofertas consideradas desproporcionadas ou anormais, en base ó total das ofertas achegadas é de **14,24 € / hora ponderada**. Consonte elo, ningunha das ofertas achegadas debe ser considerada desproporcionada ou anormalmente baixa.

De resultas do indicado, a proposta achegada por **OSVENTOS INNOVACION EN SERVICIOS S.L.** resulta a mellor valorada en base á oferta económica presentada, acadando unha puntuación de **3,16 PUNTOS**, e non incorrendo no suposto de oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.

O que se informa, ós efectos oportunos

Visto el anterior informe y de conformidad con lo previsto el artículo 150 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público (LCSP); la Mesa de Contratación, por unanimidad, acuerda:

1º.- Clasificar las proposiciones presentadas por orden decreciente de las puntuaciones obtenidas, según la relación que se recoge en el siguiente cuadro:

Nº. Orde	LICITADOR	PUNTOS
1	OSVENTOS INNOVACION EN SERVICIOS S.L.	3,16
2	ATTENDE CARE S.L.	0,13

2º.- Proponer la adjudicación del contrato a favor de OSVENTOS INNOVACION EN SERVICIOS S.L., por ser el candidato con mejor puntuación.

3º.- Trasladar esta propuesta al órgano de contratación.”

Á vista de canto antecede, e previo ditame da Comisión Informativa, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (12 concelleiros) acorda:

1º.- Aprobar a proposta de adxudicación que formula a Mesa de contratación a favor da entidade OSVENTOS INNOVACION EN SERVIZOS S.L..

2º.- Requirir ao citado licitador para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requerimento, presente a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) a c) do apartado 1 do artigo 140 se non se aportase con anterioridade, tanto do licitador como daquelas outras empresas a cujas capacidades se recorra, sen prexuízo do establecido no segundo parágrafo do apartado 3 del citado artigo; de dispoñer efectivamente de los medios que houbese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ó artigo 76.2; e ter constituído a garantía definitiva por importe de 226.776,00 €, en aplicación do previsto na cláusula 11 do prego de cláusulas administrativas particulares polo que se rexea esta contratación, por calquera dos medios a que se refire o art. 108 LCSP.

(Compre lembrar aos efectos de acreditar a solvencia económica e financeira o seguinte:

**Solvencia del contratista** (Cláusula 7 del Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares):

- Solvencia económica y financiera, se acreditará por:

“**Volumen anual de negocio**, o volumen anual de negocio en el ámbito a que se refiere el contrato, **referido al mejor año de los tres últimos disponibles** en función de las fechas de constitución o inicio de actividades del empresario y presentación de ofertas por un importe igual o superior al exigido en el anuncio de licitación o en la invitación a participar en el procedimiento y en el pliego de condiciones o, en su defecto, al reglamentariamente establecido. El volumen de negocios mínimo anual exigido no excederá de una vez y media el valor estimado del contrato, salvo en casos debidamente justificados como los relacionados con los riesgos especiales vinculados a la naturaleza de las obras, servicios o suministros.”

De acuerdo con el artículo 87.3 de la LCSP, **el importe mínimo exigido para acreditar la solvencia corresponde con el valor estimado del contrato (5.094.240,00 euros).**

En cuanto a **los medios para la acreditación documental de la suficiencia de la solvencia económica y financiera**, de conformidad con lo establecido en la cláusula 7.2.1.A.2.a) del Pliego tipo de cláusulas administrativas particulares que regirán la contratación por procedimiento abierto (con un único criterio de adjudicación, factor precio) de las obras incluidas en los planes provinciales y otras obras provinciales, de la Diputación Provincial de A Coruña; que de conformidad con lo previsto en la

cláusula 12 del PCAP rige el presente contrato en todo lo no previsto expresamente en dicho pliego y en el de prescripciones técnicas, y siempre que sea conforme a la naturaleza del contrato de servicios; la acreditación de volumen de negocios se efectuará mediante la aportación de sus cuentas anuales aprobadas y depositadas en el Registro Mercantil, si el empresario estuviera inscrito en el registro, y en caso contrario por las depositadas en el registro oficial en que deba estar inscrito. Los empresarios individuales no inscritos en el Registro Mercantil acreditarán su volumen anual de negocios mediante sus libros de inventarios y cuentas anuales legalizados por el Registro Mercantil.

**En todo caso, la inscripción en el Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público, en el grupo o subgrupo de clasificación y categoría de clasificación correspondientes al contrato, acreditará frente a todos los órganos de contratación del sector público, a tenor del en él reflejado y salvo prueba en contrario, las condiciones de solvencia económica y financiera del empresario.**

Asimismo, compre lembrar aos efectos de acreditar a solvencia técnica ou profesional o seguinte:

**Solvencia del contratista** (Cláusula 7 del Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares):

- Solvencia técnica o profesional,  
**“Relación de los principales servicios u obras realizados de igual o análoga naturaleza a los que constituyen el objeto del contrato en el transcurso de, como máximo, los tres últimos años, en la que se indique el importe, la fecha y el destinatario, público o privado de ellos;** cuando sea necesario para garantizar un nivel adecuado de competencia, los poderes adjudicadores podrán indicar que se tendrán en cuenta las pruebas de los servicios correspondientes realizadas con más de tres años de antelación. Cuando lo requieran los servicios dependientes del órgano de contratación, los servicios u obras realizados se certificarán mediante certificados expedidos o refrendados por el órgano competente, cuando el destinatario sea una entidad del sector público; cuando el destinatario sea una entidad privada, **mediante certificado expedido por ella o, a falta de este certificado, mediante declaración del empresario acompañada de los documentos obrantes en su poder que acrediten el cumplimiento de la prestación;** en su caso, estos certificados serán comunicados directamente al órgano de contratación por el órgano competente.”

De conformidad con lo establecido en la cláusula 7.2.1.b.1.a) del Pliego tipo de cláusulas administrativas particulares que regirán la contratación por procedimiento abierto (con un único criterio de adjudicación, factor precio) de las obras incluidas en los planes provinciales y otras obras provinciales, de la Diputación Provincial de A Coruña, que de conformidad con lo previsto en la cláusula 12 del PCAP rige el

presente contrato en todo lo no previsto expresamente en dicho pliego y en el de prescripciones técnicas, y siempre que sea conforme a la naturaleza del contrato de servicios, “se considerará acreditada la solvencia cuando el importe anual acumulado en el año de mayor ejecución sea igual o superior al 70% del valor estimado del contrato, o de su anualidad media si esta es inferior al valor estimado del contrato”.

3º.- Informar ó licitador que de non cumprimentarse adecuadamente el requerimento no prazo sinalado, entenderase que retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

**DEBATE:** ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

### **3º.- ADHESIÓN AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR)**

#### **PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** ADHESIÓN AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR) E DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBIERNO E DENUNCIAS, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

**Expediente:** 2022/A006/0000001

#### **ANTECEDENTES E FEITOS**

1. O 21.06.2022 o Consello Europeo aprobou o programa “NextGenerationEU” co obxectivo de servir de instrumento para o estímulo económico que permita a recuperación da crise provocada pola pandemia da COVID-19. Dentro deste programa, o instrumento que dispón de maior volume de fondos é o denominado Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) cuxa finalidade é apoiar o investimento e as reformas nos estados membros coa finalidade de lograr a recuperación económica. Para poder acollerse ao “NextGenerationEU” España elaborou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).

O artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12.02.2021, imponlle a España e ao conxunto dos Estados membros en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión Europea como beneficiario dos fondos do PRTR a esixencia de ter un plan de medidas anti-fraude, de xeito que lle permita garantir e declarar que no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes téñense utilizado de conformidade coas normas aplicables, en concreto, no que se refire á prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e o conflito de intereses.

De acordo co anterior, a Orde do Ministerio de Facenda e Función Pública 1030/2021, do 29 de setembro, (Orde HFP71030/2021) configura e desenvolve un sistema de xestión orientado a definir, planificar, executar, seguir e controlar os proxectos e

subproxectos nos que se descompoñen as medidas previstas no PRTR, así o seu artigo 6 esixe a elaboración dun Plan de Medidas Anti-fraude.

Tendo en conta isto, o Concello de Neda xa é beneficiario de fondos do MRR no marco do PRTR ao adxudicar o contrato menor para a execución das prestacións incluídas no Proxecto de separación e reciclaxe en orixe de bioresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ), expediente 2022/C002/000008 que debe tramitarse cos medios propios por ser anterior á aprobación do Plan PREMADECOR, polo que o propio Concello de Neda xa está a elaborar a análise previa de riscos e a incorporación ao expediente dos correspondentes documentos declarativos de ausencia de conflito de intereses (DACI).

Neste senso, o Concello de Neda está a elaborar un Plan de Riscos cara a súa avaliación, segundo o informe da intervención municipal do 27.10.2022, e vai cumplimentar os documentos DACI de todos os que teñen participado neste primeiro contrato con fondos do MRR; ten a intención de solicitar da Asistencia de Municipios da Deputación Provincial da Coruña a súa colaboración para as sucesivas fases que suporían o seguimento das medidas que, no seu caso, se adopten para garantir a non existencia de actuacións fraudulentas na execución deste proxecto; e, de ser o caso, as instrucións dos procedementos correctivos e de persecución que se poidan producir respecto desta primeira contratación.

Por outro lado, é prudente prever a posibilidade futura de participar noutros proxectos e/ou investimentos financiados ou cofinanciados cos devanditos fondos do MRR, no marco do PRTR no marco do devandito Regulamento (UE) 241/2021 e a Orde HFP71030/2021, actuando como entidade executora e obrigado a dispor dun Plan de Medidas Anti-fraude.

2. O 23.06.2022 o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, aprobou por unanimidade o Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR), (BOP núm. 125, do 04.07.2022), que a modo resumo contén unha avaliación de riscos e unhas medidas de loita contra o fraude: prevención, detección, corrección e persecución. Ademais, dito Plan permite que os concellos e demais entidades locais da provincia se poidan adherir a este Plan, para o que establece distintos niveis ou graos de adhesión para os concellos e outras entidades locais da provincia cunha poboación de ata dez mil (10.000) habitantes. Deste xeito, o primeiro (1º) grao sería a adhesión ao Plan e aos seus formularios e documentos; o segundo (2º) grao consistiría en engadir ao primeiro grao a delegación da función na Deputación da función de avaliación de riscos; e o terceiro (3º) grao incorporaría ao segundo grado o seguimento das medidas que adopte o Comité Anti-fraude da Deputación da Coruña (CADECOR) e as instrucións dos procedementos correctivos e de persecución que sexan competencia da administración local, neste caso do Concello de Neda.

Por iso, tendo en conta a novidade e especificidade, tanto a organizativa como técnica, que supón o establecemento dun plan de medidas anti-fraude, considerase convinte a adhesión do Concello de Neda ao Plan PREMADECOR, na opción do terceiro (3º) grao, segundo establece o apartado I.2.C) PREMADECOR, que, como se dixo, consiste na adhesión ao PLAN PREMADECOR e aos seus formularios, con

delegación das funcións de avaliación de riscos, seguimento das medidas polo CADECOR e instrución dos procedementos correctivos e de persecución que sexan competencia da administración local.

## CONSIDERACIÓNIS LEGAIS E TÉCNICAS

De acordo co previsto no Plan PREMADECOR respecto da encomenda de xestión do Concello na Deputación esíxese un acordo expreso do Pleno do Concello de Neda, adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación e posterior aprobación por parte do Pleno da Deputación da Coruña, publicándose posteriormente dito acordo no Boletín Oficial da Provincia.

Tendo en conta todo o anterior e de conformidade co establecido nos artigos 22.2.p) e 47.2.h) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03.04.1985), propónse ao Pleno, previo ditame favorable da Comisión Informativa correspondente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Adherirse ao PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios.

**SEGUNDO.-** Delegarlle á Deputación da Coruña todas as funcións e competencias referidas á aplicación do PREMADECOR: análise previo de riscos, uso do canle de bo goberno e denuncias, instrución e resolución dos procedementos administrativos e sancionadores derivados da aplicación deste Plan, mesmo a competencia para a xestión recadatoria dos ingresos de dereito público resultante. Aceptando as bases aprobadas polo Pleno da Deputación da Coruña, co seguinte contido:

“BASES PARA A DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNIS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

PRIMEIRA.- Contido da delegación.

1. Unha vez adherido ao PRAMEDECOR, a delegación abranguerá todas as funcións e competencias referidas a aplicación efectiva do Plan en cada un dos proxectos de gasto con financiamento procedente do PRTR da Unión Europea.
2. En cada expediente, a Deputación realizará unha análise previa de riscos, asesorará ao concello na tramitación dos procedementos e incorporación aos mesmos das DACi e de calquera outro documento en relación co control dos fondos procedentes do PRTR da Unión Europea.
3. Na sede electrónica do Concello haberá disposto un enlace co Canle de Bo Goberno e denuncias da Deputación, de xeito que calquera persoa poderá presentar unha

denuncia referida a un posible uso ou tramitación irregular dos procedementos administrativos dos expedientes de gastos municipais financiados co PRTR da Unión Europea.

4. A Deputación tramará os procedementos correctivos e sancionadores que resulten aplicábeis e acordará o reintegro dos fondos indebidamente aplicados, cos xuros de demora correspondentes. Tamén tramará os procedementos sancionadores, impondo no seu caso as sancións previstas na Lei.
5. As liquidacións resultantes serán aprobadas pola Deputación, entidade que instruirá os procedemento de recadación para o seu cobro, tanto período voluntario como executivo. Para tal efecto, resultarán de aplicación as Bases para a prestación de servizos tributarios publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 209, de 3 de novembro de 2021.

**SEGUNDA.-** Procedemento para a tramitación da análise de riscos en cada expediente de gasto.

1. Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello o proxecto de gasto, no que quede acreditado o compromiso firmes de achega de fondos procedentes do PRTR da Unión europea, o expediente completo, cos informes de secretaría e do órgano interventor municipal, será remitido á Deputación da Coruña a través do SIR, instando a elaboración
  1. da análise previa de riscos.
2. Recibido o expediente, o Negociado de control financeiro e auditoría, baixo a supervisión e coa conformidade do órgano interventor, elabora realizará a análise previa de riscos, elaborando o documento correspondente.
3. O traballo realizado será ditaminado polo CADECOR da Deputación, emitíndose informe de conformidade ou instando a emenda das deficiencias advertidas.
4. Unha vez recibido o informe de conformidade do CADECOR, o resultado do traballo realizado, xuntamente coa devolución do expediente, será remitido ao concello deléante para que proceda ao seu informe e aprobación,
5. Do acordo de aprobación, da súa aplicación e das incidencias que poidan xurdir, darase conta a efectos informativos ao CADECOR.

**TERCEIRA.-** Procedemento de tramitación de denuncias, impulso e tramitación e resolución de procedementos.

1. Unha vez recibida unha denuncia no canle de bo goberno e denuncias, comunicarase de xeito inmediato ao concello interesado, para que poida adoptar as medidas cautelares que estime máis axeitadas. Simultaneamente, o CADECOR procederá á apertura dunhas actuacións previas para coñecer as circunstancias do caso concreto, de conformidade eco disposto no apartado 2.3 do PREMADECOR.
2. Concluídas as actuacións previas, no casos en que procedan os feitos serán comunicados á entidade decisoria ou entidade executora, así como á autoridade responsable. Simultaneamente denunciará os feitos coñecidos ás autoridades públicas competentes.
3. Nos casos en que proceda, a Deputación, a través do Negociado de Control financeiro e auditoría, tramitará os procedementos de reintegro de fondos públicos e, no seu caso, os procedementos sancionadores en materia de subvencións.
4. Os Servizos tributarios da Deputación levarán a cabo os procedementos de recadación, nos termos establecidos nas Bases para a delegación desta función.”

**VOTACIÓN:** o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade de asistentes (12 concelleiros), que supón maioría absoluta, presta aprobación á transcrita proposta, que queda convertida en acordo.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as doce horas e trece minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral